

# COMISIÓN SEGUIMIENTO ACORDO CONCERTACIÓN ACÓRDASE RETOMAR A CARREIRA PROFESIONAL EXTRAORDINARIA

O día 11 de febreiro, tivo lugar a xuntanza da comisión de seguimento do acordo de concertación do emprego público de Galicia, co obxecto de retomar a carreira profesional extraordinaria, e superar a situación de estancamento e parálise na que se atopa o cobro da carreira profesional como consecuencia de varias demandas interpostas pola CIG que anulan para todo o persoal a parte do Acordo relacionada coa continuidade da carreira profesional extraordinaria. A situación actual non admitía máis dilacións, para **CCOO e UGT**.

A comisión de seguimento, formada polas partes asinantes do Acordo de Concertación, ACORDOU retomar a carreira profesional extraordinaria, co obxecto de:

- Seguir pagando o segundo grao extraordinario pendente ao persoal que xa tiña recoñecido o primeiro.
- Incorporar ao persoal que non cumpría os requisitos, no ano 2019.
- Estender a aplicación da carreira ao resto de empregados públicos da Administración Xeral da Xunta de Galicia.

Para **UGT e CCOO**, está decisión da Comisión de Seguimento do Acordo de Concertación supón poñer en valor a negociación colectiva en detrimento de iniciativas xudiciais de dubidosa eficacia e de nulos resultados prácticos que o único que conseguiron foi perder o cobro da carreira profesional durante o ano 2021:

- Grupo A1: 2.538,36€/ano
- Grupo C1: 1.145,64€/ano
- Agrupación Profesional: 785,76€/ano
- Grupo A2: 1.776,48€/ano
- Grupo C2: 972,36€/ano

Por outra banda, esta iniciativa da Comisión de Seguimento, permitirá axilizar e retomar as negociacións para reactivar a carreira profesional sen necesidade de agardar (seguramente varios meses) aos pronunciamentos dos tribunais respecto dos recursos xudiciais presentados tanto pola Xunta de Galicia como polo sindicato CIG.

Desde a responsabilidade e o rigor, **CCOO e UGT** adoptaremos unha actitude proactiva para que se restitúa a carreira profesional, e que a comisión de seguimento propoña un novo texto que substitúa ao anulado e, deste xeito, se eliminen os obstáculos para poder abrir canto antes o prazo de solicitude da carreira profesional extraordinaria, co obxecto de empezar a cobrar o antes posible e así non seguir acumulando mais perda.